

ROUCCO

SON

Falamos de rock en galego

Número 29- Maio 2023

Publicación gratuita
Colle unha!

THE VOICE AETERNAL

RYMER

SNSTA

SOMBRA DOS SOÑOS

ARXIS ENSEMBLE

MALABESTA

ÉPOJE TATUM

KALAKORO TEKE

EONDRY



Foto: Carlos Meira & Co.

Pilar, de The Voice Aeternal: “Colaborar con Anathema é destas cousas que cres que nunca che van acabar pasando”

Por Patty Castro

The Voice Aeternal, antes chamada Voices of Galadh, é unha banda viguesa que comezou a súa traxectoria en 2019 co LP Wondering, lanzado co seu anterior nome. A agrupación define o seu estilo como “rock progresivo alternativo con tintes de metal”. Tras a pandemia houbo algúns cambios na súa formación, circunstancia que aproveitaron para dar tamén un lixeiro cambio á súa imaxe, incluíndo nisto o novo nome.

Actualmente é un cuarteto de voz, guitarra, baixo e batería, que ofrece un potente directo co engadido dunhas melodías coitadas ao máximo, algo que os caracteriza dentro do xénero. Como banda de rock progresivo, as súas cancións van evolucionando tal e como sucede a cotío neste xénero, bebendo, en ocasións, doutro tipo de influencias como son as do post rock atmosférico ou as do folk rock. Son Jordi Ribas ao baixo, Jorge Guerra á batería, Xan Muñiz á guitarra e Pilar Dafonte na voz.

A banda vén de sacar o tema homónimo “The voice æternal”, no que contan coa colaboración nada menos que de Danny Cavanagh, guitarrista, vocalista e fundador dunha banda internacional tan referencial como é Anathema. Como non podía ter sido doutro xeito, o tema conxunto e o seu correspondente vídeo están a recibir un feedback moi positivo, tamén entre os fans da extinta Anathema, que están a sinalar como a canción recolle parte do espírito da célebre banda.

Tiven o pracer de falar con Pilar Dafonte, a vocalista de The Voice Aeternal entre outras bandas das que xa vos temos falado nesta revista, como Prima Nocte, para que nos conte todo sobre a banda e a súa discografía.

Moi boas, Pilar! Fálanos un pouco de por que foi este cambio de nome na banda.

Ola, Patty! Pois mira, o certo é que se deron un par de de situacións que nos empurraron a darlle este xiro á banda. A primeira delas foi que, tras a pandemia, houbo un cambio de formación, como xa sabes. O noso guitarrista Fran Rubio tivo que abandonar a banda, e tamén Pablo Nimo, o teclista. E entón, pois tivemos que buscar outro membro máis polo menos, un guitarrista, para para completar a formación de novo. E así, cando entrou Xan Muñiz, que fora

guitarrista de InVerno, foi cando decidimos o cambio de nome. Estabámonos dando conta de que o nome Voices of Galadh creaba certa confusión, non era un nome que entrase fácil á primeira á xente, e xa lle levabamos dando voltas un tempo a que igual había que cambialo. E dixemos, pois mira, xa que agora cambiamos a formación e aínda o proxecto está nos seus inicios, pois é o momento ideal para para aproveitar e cambiar tamén o nome, porque logo, máis adiante, pode ser máis complicado. E entón fixémoslo todo á vez e tentamos buscar un nome que fose un

pouco máis directo.

Pódese decir que empezastes de novo con moita forza. E sacastes adiante unha canción da que estou totalmente namorada. Cántanos un pouco como foi a creación desta canción e deste vídeo que lanzastes.

A verdade é que isto é como un soño cumprido, porque eu sigo a Anathema desde hai case 20 anos. Descubrínos no 2005, no Festival Vilar de Mouros, en Portugal. Eu lembro que ía ver a Nightwish, e estaban alí Anathema. Foi escoitalos e puxé-

ronseme os pelos de punta. E a partir dese momento pois foi un dos meus grupos top e das miñas maiores influencias. E como seguidora da banda que son, hai cousa dun ano, máis ou menos, vin a oportunidade a través das súas redes sociais, de poñerme en contacto con eles e decidín enviarlles un tema. Este é un tema curioso porque levo con el moitísimos anos e dinlle moitas voltas. Non conseguía completalo, digamos, nin atoparlle un arranxo adecuado nin nada. Vírao con Fran, o ex guitarrista de Voices of Galadh. Tamén o vira con Jordi e non o terminabamos de



completar. E dixeran, pois nada, este pode ser o meu momento para ver se me poden axudar co tema, e animeime a facelo. Non sabía se ían responder ou se non, e pasou un tempo ata que recibín a súa mensaxe de volta. E, así, pois comezamos falar sobre o tema a través de videoconferencias. Empezámoslle a dar forma e claro, eu xa estaba a vivir un soño porque me parecía imposible que eu estivese en contacto con el, con Daniel Cavanagh, o membro fundador da banda. E ao final acabouse involucrando tanto que puxo mesmo a súa voz e un solo de guitarra, que non era o que se pensaba nun principio, pero gustoulle tanto que quixo facelo, e tamén compartilo nas redes sociais de Anathema. E, claro, eu que lle vou dicir? Son destas cousas que cres que nunca che van acabar pasando.

O lyric-video é fermoso, por certo. Quen foron os encargados de facelo?

Pois mira, eu estiven a buscar, e hai unha plataforma que se chama Fiverr de xente que ofrece este tipo de servizos de vídeos e máis cousas, mais non investiguei tampouco demasiado. Pero estiven a buscar o apartado de lyric-videos e atopei a Lodge Productions, un colectivo británico. Vin os exemplos que tiñan e dixeran: “isto é o ideal”. Púxenme en contacto e dinlles un pouco unhas





indicacións xerais do significado da canción e demais. E, ao final, pois acabaron facendo unha animación fermosa cunhas ideas que a min me impactaron, a verdade. Estamos moi contentos, tanto que, seguramente, acabemos facendo máis cousas con esta empresa.

Sen dúbida, o vídeo é unha boa representación do tema.

Eu quería facer con esta canción unha homenaxe un pouco aos devanceiros de cada un, porque, á fin e ao cabo, nós, o que somos, somos grazas á todo o que herdamos. Por iso é polo que hai unha árbore, por iso é polo que se ven esas follas representando situacións familiares, e a situación persoais da vida. Ou sexa, que as voces eternas son ta-

mén as voces do noso pasado e as voces dos nosos antergos.

Fálame un pouco agora da gravación, que correu a cargo de Jordi Ribas, polo que teño entendido.

A gravación do tema fíxoa Jordi Ribas nos seus estudos aquí en Gondomar. E logo o que son a mestura e a masterización estiveron a cargo de Daniel Cardoso en Portugal. Para quen non saiba, Cardoso foi membro de Anathema como batería, teclista e baixista, e, que dicir, fixo un traballo espectacular. De feito creo que tamén se encargou nos últimos discos de gravar e mesturar á propia Anathema.

Sobre o voso estilo musical, cambiou tamén ao cambiar de

nome ou seguides a estela de Voices of Galadh?

O disco anterior, evidentemente, pois conservámolo. Non imos desperdicialo porque é un disco do que estamos moi orgullosos e si que queremos seguir tendo esa esencia, pero é probable que tiremos un pouquiño tamén por un estilo máis como o desta última canción, un pouquiño máis atmosférico. Estamos vendo a posibilidade de seguir un pouquiño máis tamén para ese lado, sen perder o que xa tiñamos, porque á fin e ao cabo é a nosa esencia e non podemos deixala de lado, pero si facer mestura das dúas cousas.

Moi ben. Algún concerto á vista do que queiras facer promoción?

Pois mira, agora mesmo pódolche dar unha noticia, porque hai un concerto previsto para xuño que será en Vigo con dúas bandas internacionais. E, polo de agora, é o que aí, pero bueno, agardamos que poidan xurdir máis cousiñas. Tamén por fóra, que nos apetece moitísimo saír. Ademais, despois de todo o parón que tivemos coa pandemia, pois non puidemos máis que dar un concerto de presentación e pouco máis, así que temos moitas ganas.

Pois moitas grazas por esta entrevista para Rouco Son e moita sorte co novo nome e este novo rumbo de The Voice Aeternal.

Xenial. Moitísimas grazas, Patty. Saúdos ás lectoras de Rouco Son.

Agarimo

Morriña

A FESTA DE TODA A NOSA CULTURA

Día das Letras Galegas
17 MAIO
60 ANIVERSARIO

En Galicia levamos **60 anos** celebrando moito máis que as nosas letras, festexamos toda a cultura que nos une: a nosa historia literaria, as artes escénicas e música que falan unha lingua propia e a todos os nosos artistas sen excepción.

Feliz Día das Letras Galegas

Este ano facemos protagonista da festa que el mesmo impulsou a **FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO**

XUNTA DE GALICIA

NOVO VIDEOCLIP DE RYMER, “TO THOSE WHO FOUND AND HAD TO LET GO”




Rymer, cuarteto galego cun estilo entre o metalcore e o deathcore, vén de sacar o sinxelo e videoclip “To those who found and had to let go”. Este é o adianto e a primeira canción do seu próximo EP *Slow Dance*, que será publicado ao longo de 2023, despois de varios sinxelos e concertos previos á pandemia.

Este novo sinxelo está auto-producido pola banda, gravado por Miguel Costa e Pablo Campos, e mesturado polo mexicano Erik Monsonís de Dark House Audio. O videoclip, pola súa banda, foi dirixido por Iago Vilariño e protagonizado por Bego Pardellas. Tamén contou coa participación de Ro López, Almu Fernández, Sandra Guedes e Noelia Castro. En palabras da

banda, esta novo lanzamento representa “unha nova etapa para Rymer”, na que buscan “consolidar o seu nome e ofrecer unha proposta sólida e impactante”. A banda ten xa preparados varios concertos para continuar a dar a coñecer a súa proposta ao vivo.

O grupo xurdiu das cinzas de bandas que xa participaron da escena subterránea galega no seu momento, coas que os seus membros chegaron a realizar xiras nacionais e estatais e mesmo a tocar no mítico Resurrection Fest de Viveiro. A formación está composta por: Iván, vocalista, procedente de The Chaos Is Coming; Miguel, baixista e vocalista, procedente de ANHA; Beni, baterista e tamén ex-ANHA; e Cris, guitarrista.





SNST lanza o seu novo videoclip “Y ahora nada”

O cuarteto vigués de pop rock SNST vén de lanzar o seu videoclip “Y ahora nada”. Este é o primeiro vídeo oficial do álbum Canciones Maltratadas, que foi lanzado o pasado novembro do 2022 e que se pode atopar para a súa escoita nas diferentes plataformas dixitais. O vídeo foi realizado por Siete Gatos Blancos Creaciones Audiovisuales.

SNST naceu en Vigo como trío en 2007, co nome de Sunset?, gravando a maqueta Arredemo. En

2010 incorporaron novos membros, incluíndo á vocalista Rebe Rodríguez, cos que gravarían o seu primeiro álbum A Noite en que Esperamos ao Sol. Tras o cambio de vocalista, entrando na banda Belize Martínez, o grupo seguiu xirando por Galicia ata a chegada da pandemia.

Neste tempo o grupo deu un xiro ao seu son e a súa formación, que se estabilizou con Iñaki á voz principal e guitarra, Diego á voz secun-

daria e guitarra, Raúl ao baixo e coros e Javi á batería. O cambio de formación e o correspondente cambio de son suxería un cambio de nome, e así, no 2019, naceu a nova etapa de SNST.

SNST ten un “estilo propio” que “une variadas tendencias do rock e dá lugar a un son potente á vez que melódico, onde as letras, que tocan desde temas sociais ata os sentimentos máis íntimos, cobran moito protagonismo”, en palabras da pro-

pia banda. SNST toca en dous formatos: o eléctrico, onde priman “o guitarrero e a forza”; e o acústico, máis “íntimo e relaxado”.

Os próximos concertos confirmados da banda son: ; o 20 de maio en Vigo na sesión vermú de El Trotes en acústico; o 10 xuño en Vigo, no Festi benéfico para o Santuario Vacaloura do Mr Moch Beer en acústico; o 16 de xuño en Vigo na Sala Sinatra; e o 11 de xullo na Illa de Arousa, en Patapalo.



Iñaki



Raúl



Diego



Javi

A Sombra dos Soños lanza o seu primeiro álbum, titulado I



A Sombra dos Soños é un quinteto liderado polo guitarrista José Carballido, e vén de publicar dixitalmente, despois da saída de catro sinxelos, o seu primeiro álbum, I. O disco foi gravado nos estudos Disquesí e está formado por catorce pezas, nas que Carballido está acompañado por diferentes músicos que xa o teñen acompañado en proxectos anteriores. Estes son Diego Lestón na batería, Daniel Añón nas guitarras, Lalo Carnota no baixo e José Roca nos teclados.

A banda mestura, nas súas propias palabras, “diferentes estilos de rock e metal con influencias variadas que abranguen dende o rock se-

tenteiro ata o folk galego, pasando por momentos máis progresivos e outros máis acústicos”, e sempre cantando en lingua galega. As letras, pola súa banda, son predominantemente intimistas, explorando “a alma humana desde diferentes puntos de vista e poñendo os personaxes de cada canción en diferentes situacións co obxectivo de entender e analizar un mundo que case nunca é sinxelo de comprender”, sinala a agrupación.

Carballido formou previamente parte doutros proxectos, como Mizar, Requiem ou Khitara. Mizar resultou no seu momento premiada en certames como o Aguillolo Rock de 2002 e o Festival da Canción de

Ordes de 2003. Requiem, pola súa banda, é unha obra para grupo de rock progresivo e coro clásico que foi presentada por teatros de toda Galicia a partir de 2011. Tamén resultou nominada aos premios ProgAwards, e foi publicada en formato físico pola discográfica Musea Records.

Khitara, por outra banda, lanzou un EP en 2016, no que exhibe o seu particular estilo logrado cunha formación de dúas guitarras clásicas, dúas eléctricas, caixón flamento e voz. O traballo tamén foi interpretado en directo en diversos puntos do país. Ademais destes proxectos, o guitarrista tamén participou noutras agrupacións musicais, como

son: Piazzolla, interpretando música do compositor arxentino; Dezine, bandas sonoras; ou Aeternam, versións de rock.

Carballido compaxina o seu traballo como mestre de música no CEIP de Caión coa composición e a interpretación musical. Licenciado en guitarra polo COSMAC (Conservatorio Superior de Música da Coruña), rematou o grao superior co guitarrista Ramón Carnota como mestre. Acudiu a cursos impartidos por guitarristas como Álex Garrobé, Antonio Duro, Carlo Marchione ou Liliana Matos. Tamén estudou con compositores como Francisco Rosa ou Antón García Abril, e coa soprano Diana Somkhieva.



Os usuarios de Vigosónico entéranse pola prensa da reapertura das salas



O Concello de Vigo anunciou aos medios de comunicación a reapertura de Vigosónico despois de 3 meses de peche, que tería lugar o martes 9 de maio. Os usuarios das salas de ensaio municipais, por outra banda, tiveron que enterarse da mesma pola prensa, xa que non se enviou nin se chamou a ningunha das bandas para comunicar dita apertura. Tampouco o peche das instalacións en febreiro lles foi comunicado en ningún momento, tendo que enterarse informalmente do mesmo por parte do anterior persoal.

Para a plataforma Grupos de Vigo en Loita, que abrangue aos usuarios e usuarias do espazo e a outras músicas e músicos vigueses, isto é só “un capítulo máis da historia de nula comunicación do Goberno local coas bandas, cando non directamente de desprezo e ataques directos”. O martes 9, o día da reapertura do espazo, aínda non houbo ningún ensaio, xa que non se chegou a contactar coas bandas que ensaiaban ese día. “O martes pola tarde comezaron aínda a chamar ás bandas que ensaiaban os mércores, polo que foi ese día cando comezaron por fin os ensaios, e coas bandas que ensaian o resto de días aínda non se puxeran en contacto” engaden dende a plataforma.

“A responsabilidade disto non é das novas traballadoras, por su-

posto, senón do Concello, elas xa teñen suficiente con ter que traballar cun orzamento minúsculo”, indican dende Grupos de Vigo en Loita en referencia ao descenso de 28.000€ do orzamento anual con respecto ao que tiña o espazo antes da pandemia. Así, a dotación anual ao espazo agora será de 85.000€, e, sendo o contrato anual aprobado prorrogable dous anos máis, o total será de 250.000€ en tres anos.

Grupos de Vigo en Loita amósase desconfiado coa situación das instalacións logo de tres meses pechadas: “xa antes a meirande parte do equipo estaba vello e defectuoso, sen renovar dende 2011, a ver agora despois de 3 meses collendo po”. “Ademais, con este orzamento tan reducido, o estudio de gravación vai ficar en total desuso unha vez máis” engaden. “Unha cantidade inmensa de diñeiro público foi invertida nun estudio de boa calidade, pero as veces que foi empregado en 12 anos cóntanse cos dedos da man, e non se usou nunca dende a pandemia pola falta de persoal e medios”, sinalan en referencia ao estudio de gravación do que dispón o espazo.

“O alcalde fala en todas as súas intervencións públicas como se as salas de ensaio de Vigosónico fosen un favor que nos fai e non un servizo pagado co diñeiro das vigne-

sas e vigueses”, critican os músicos. “Ademais, sempre di que en Vigosónico temos un estudio de gravación á nosa disposición, cando a realidade non se usou case nunca, e nin unha soa vez dende a pandemia”, recalcan. Para eles, o problema reside en que “Caballero descoñece totalmente a situación de Vigosónico, o que se fai alí e as súas bandas, porque a súa desidia cara a escena musical viguesa é total, el só se preocupa de facer contratos millonarios a bandas internacionais para saír el de teloneiro”.

A plataforma Grupos de Vigo en Loita xurdiu a principios de 2022 para esixir a reapertura de Vigosónico, que levaba pechado dende o inicio da pandemia de covid 19 e non reabrira a pesar de que as salas de ensaio privadas e as municipais doutros concellos si reabriran moito tempo antes. “Foron as nosas protestas as que obrigaron ao Concello a reabrir o espazo, senón tería pasado o mesmo que coas salas da Casa da Xuventude ou as de Súbete ao Castro”, sinalan en referencia a outros espazos similares que foron pechados durante os gobernos de Abel Caballero na cidade. As céntricas salas de ensaio do Castro pecharon en 2014 para arranxar un problema de goteiras, pero non volveron reabrir, sen que se dese ningunha explica-

ción ao respecto.

“Estamos convencidos de que, de non existir a nosa plataforma, Vigosónico tería pechado definitivamente unha vez máis, pois a protesta é o único xeito de conseguir cousas neste Concello”, denuncian dende a plataforma. “Por exemplo, o anuncio de que se abriría o concurso para adxudicar o espazo durante 3 anos realizouse o mesmo día da manifestación que convocamos co resto de colectivos de Vigo Somos Todxs”, indican en referencia á convocatoria conxunta de diversas asociacións viguesas que pedían unha reunión co goberno local para comunicarlle as súas demandas.

Dende a primeira reapertura das salas de ensaio de Vigosónico a mediados de 2022, o Concello abriu o espazo sen convocar concurso para adxudicalo, unha situación que se prolongou ata principios de febreiro de 2023, cando, unha vez anunciado dito concurso, o espazo pechou sen previo aviso ata que este estivese resolto. Grupos de Vigo en Loita continuou a súa actividade todo este tempo denunciando as condicións do novo servizo e tamén denunciando os peches de concertos en Vigo por parte da Policía local, algo que ocorreu entre outros nun concerto reivindicativo organizado pola propia plataforma en xuño de 2022.

SPRINT MOTOR

A actualidade do motor



Así foron os concertos de Arxis Ensemble no Festival RESIS 2023



O Festival RESIS de Música Contemporánea e Artes Vivas finalizou xa con éxito unha edición máis na cidade da Coruña. Entre os concertos máis destacados da súa programación, que contou con artistas de todo o mundo ao longo de case un mes, estiveron os de Arxis Ensemble, formación galega de música contemporánea que mestura o académico co máis innovador e vangardista, tomando influencias de diferentes xéneros musicais.

A agrupación centra a súa actividade no traballo man a man con compositoras e compositores do noso tempo, así como en intercambios nacionais e internacionais para “situar a Galicia como un foco da arte de vangarda”. Nas súas interpretacións podemos escoitar a música clásica máis experimental, na que tampouco faltan elementos propios da música electrónica ou do jazz fusion e incorporando todo tipo de instrumentación, incluíndo a batería ou instrumentos eléctricos.

Arxis Ensemble pode considerarse a formación residente do festival, ao contar entre os seus mem-

bro ao director artístico do festival, Hugo Gómez-Chao Porta, e ao coordinador artístico do mesmo, Noé Rodrigo Gisbert. A formación foi a encargada de dar os dous concertos inaugurais do RESIS, primeiro no restaurante Árbore de Veira e logo na Sala de Exposicións de Palexco. En ambos casos, con todas as entradas reservadas antes da súa celebración.

A programación da primeira destas dúas noites, variada pero ben cohesionada, constaba de tres obras con sinatura feminina. Dúas delas, de recente creación, amosando o máis vangardista da música académica, e outra, unha improvisación sobre o coñecido libro-arte Grapefruit book, creado por Yoko Ono e datado en 1964.

A primeira composición en ser interpretada foi Dust: bass drum, da compositora inglesa Rebeca Saunders, da man do percusionista Noé Rodrigo Gisbert. O membro de Arxis Ensemble amosou as infinitas posibilidades da percusión solista coa súa interpretación, tecnicamente perfecta pero á vez chea de matices



e sensibilidade.

Despois foi a quenda da obra *Latitudes*, da croata Sara Glojnaric, presentada por primeira vez en todo o Estado. Xa dende o primeiro momento podía percibirse a gran expectación e curiosidade do público ante esta estrea. A peza para piano preparado solista foi executada, como non, pola pianista de Arxis Ensemble, Magdalena Cerezo Falcas. O resultado foi unha interpretación coa total excelencia esperable dunha intérprete do máis alto nivel como ela, pero non por iso menos meritória.

Chegara entón o momento da peza central da noite, na que Arxis Ensemble procedeu a improvisar en torno ao *Grapefruit book* de Yoko Ono. O revolucionario libro foi un exemplo temperán de arte conceptual, e está composto de instrucións e indicacións que foron interpretadas polos músicos galegos para crear unha música única.

A pesar de que, tecnicamente, estaban interpretando unha obra allea de hai case 60 anos, Arxis Ensemble fixo súa a peza, que soou fresca e innovadora. A agrupación gañouse unha vez máis o entusiasmo aplauso do público, xa extasiado coa culminación de tan fermosa velada. Porén, aínda quedaba a guinda do pastel, que chegou en forma dun cóctel servido polo chef Luis Veira, o anfitrión da noite.

Despois desta inauguración por todo o alto no restaurante Árbore da Veira, o Festival RESIS de Música Contemporánea e Artes Vivas encabía a súa segunda xornada na Sala

de Exposicións de Palexco. Porén, esta vez os membros de Arxis Ensemble non estaban sós no escenario, pois contaban coa compañía do director Nacho de Paz.

Nacho de Paz, dende Oviedo, chegou para dirixir a Arxis Ensemble cunha bagaxe de décadas de traballo especializado na música deste século e do século XX. A súa presenza nos escenarios do RESIS era unha das máis esperadas desta edición, e soubo cumprir coas expectativas coa axuda da agrupación galega.

Outra cousa que xeraba unha grande expectación entre os asistentes ao concerto era a cantidade de estreas que se ían poder desfrutar ao longo da velada. Unha estrea en España, unha preestrea, e incluso unha estrea absoluta, nada menos que da nova obra de Hugo Gómez Chao, *Libro Delle Immagini V*.

Ademais de ser actualmente o compositor residente na Real Academia de España en Roma e director artístico do propio Festival RESIS dende o seu nacemento, Gómez-Chao é membro fundador de Arxis Ensemble, polo que a súa obra era particularmente agardada polo público do evento.

Ao igual que ocorreu no caso da inauguración do festival, todas as entradas para o evento, de balde pero que requería reserva, estaban xa esgotadas dende antes da súa celebración. Isto xa daba unha idea da afección do público melómano coruñés, galego e mesmo estatal polo RESIS e a música contemporánea.



A primeira obra en ser interpretada non foi outra que *Still*, de Beat Furrer, que lle daba título á velada. Podía percibirse a importancia desta obra de 1998 para os intérpretes, xa que o propio compositor suízo estivo no RESIS 2022 dirixindo a Arxis Ensemble mentres estes interpretaban dous dos seus traballos.

Interpretar a obra dun autor tan consagrado como Furrer é sempre unha aposta segura, e nesa liña continuou o evento coa interpretación de *La Lumière du Noir*, de Alberto Posadas. O público recibiu con entusiasmo a obra do célebre compositor vallisoletano, que, curiosamente, estreábase por primeira vez a nivel estatal, a pesar de datar de 2010.

A continuación, Arxis Ensemble

decantouse por interpretar obras de autores máis novos, amosando o inmenso talento das novas xeracións de compositores de música contemporánea. Foi pois a quenda da preestrea de *Gran Hotel Abismo*, da xove compositora valenciana Claudia Cañamero. Esta nova obra foi acoillida con igual entusiasmo por parte dun público totalmente inmerso na música da agrupación galega.

A última obra da noite foi a agardada *Libro Delle Immagini V* de Hugo Gómez-Chao, que se estreaba ante o mundo dende Palexco. Gómez-Chao é un mozo coruñés cunha carreira moi considerable xa ás súas costas, e esta nova obra non fixo máis que confirmar o seu talento tanto como compositor como como director artístico de Arxis Ensemble.

ROUCCO
SON

falamos de rock en galego



Malabesta estréase lanzando un dobre sinxelo, “24 horas” e “Fariña doutro costal”

Malabesta é unha nova banda, pero está composta por músicos ben coñecidos na escena: Ismael Cabaleiro ó violín, David Regueiro á guitarra, Diego de Lera ó contra-baixo, Xosé Manuel Piedra á percusión, e Vituco Neira, célebre pola súa labor en Ruxe Ruxe, á voz. O quinteto vén de estrearse cun dobre sinxelo acompañado de cadanseu videoclip.

“Admiracións mútuas e amor polas músicas vellas” foron as faíscas que prenderon para dar lugar á fundación de Malabesta, que nace co propósito de mesturar estilos como o blues, o rock and roll, o bluegrass ou o folk. En definitiva, para apostar, nas súas palabras, polos “sons máis orgánicos”. “Para emocionarte pero tamén para poñerte a bailar”, indican dende a banda. Cinco vellos coñecidos da escena musical galega de ben diversos estilos e cunha química artística “tan incendiaria como evocadora”.

A súa promotora Galunk Produccións defínese como “un becho bravo sen domesticar”, un “dragón incandescente de longas farpas e cinco cabezas, e quen sabe se algunha máis”. “Son soños piratas navegando por mares de whisky e ron e recontando compases de blues cos dedos, entoando algunha vella canción de Tom Waits e rasgando as cordas dalgún perdido e estraño bluegrass”, indican en referencia ao estilo da nova agrupación.

Malabesta é “un becho con chupa de coiro, moi mala hostia e ningunhas ganas de ir durmir”, o que da idea do que atoparemos na música da banda. “Así din as lendas, e as malas linguas, que é a súa música: un encontro nocturno nalgunha taberna da Zona Vella de Compostela, unha conversa sobre músicas, unha promesa de xuntarse a facer algo xuntos”, engaden.



Concertos de Époje Tatum, SNST, Kalakoro Teke e Eondry en beneficio do Santuario Vacaloura

As bandas galegas Époje Tatum, SNST, Kalakoro Teke e Eondry farán parte dun ciclo de concertos en Vigo cuxa recadación servirá para apoiar ao Santuario Animal Vacaloura. Este festival benéfico celebrarase o vindeiro sábado día 10 de xuño en varios locais vigueses.


O Santuario Vacaloura é un lugar onde animais de diferentes especies poden “levar a vida que lles corresponde como individuos sensíbles con intereses propios, libres de especismo, abuso e explotación, onde se cobren as súas diferentes necesidades”, como indican dende o propio colectivo.

O evento, que terá lugar o sábado 10 de xuño, constará de 4 concertos en 4 coñecidos locais da zona de Churruca en Vigo, en horario de 18:00 a 23:30 horas. En cada local haberá petiscos veganos á venda, e, ao remate da noite, sortearase un lote de produtos do santuario. O prezo da entrada será de 15€. As entradas anticipadas á venda nos locais do festival.

Os horarios e a distribución dos concertos serán os seguintes: ás 18:00 horas, Époje Tatum no Tinta Negra, en acústico; ás 19:30 horas, SNST no Moch, tamén en acústico; ás 21:00 horas, Kalokoro Teke no Cantina Candela; e ás 22:30 horas, Eondry na Sala Kominsky.



Cartaz do Festival Solidario





Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímolos cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímolas mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com